



REXISTRO XERAL	
DATA	13/06/2014

Curuxeiras, 13 de Xuño de 2014

ASUNTO: Limpeza rúas das Curuxeiras.

Sr. Concelleiro, no mes de xaneiro, remitímoslle un escrito, denunciando a situación de sucidade na que se atopa o noso pobo en relación coa limpeza viaria, que debe realizar a empresa concesionaria do servizo,

No mes de abril, tras cumprirse tres meses sen contestación, solicitamos certificación do silencio administrativo producido, sen que ata a data se nos axa contestado; no mes de maio tivemos unha reunión con vostede, o xefe do servizo, e os dous inspectores, onde puido comprobar o estado lamentable no que se atopaban as rúas do pobo, chegando a un compromiso de que se limparían de inmediato.

Xa pasou un mes desa reunión, e volvemos ter que denunciar a falta de limpeza no pobo: a rúa de Pazos, desbrozouse fai unha semana e a rúa da Pineireira segue sen desbrozar, as beirarrúas da rúa das Curuxeiras seguen sen limpar dende que o fixemos nos no mes de marzo, e as demais levan sen limpar dende maio.

Nin varredoras mecánicas, nin baldeadora nin as limpeza de mantemento semanais, nin limpeza de contedores, un incumprimento total e absoluto. Axúntolle fotografías actuais, para que vostede comprobe o nivel de limpeza existente.

Por todo isto, solicitamos:

- 1º.- Que se dean as ordes oportunas a empresa concesionaria do servizo, para que dunha vez empecen a cumprir coas frecuencias semanais de limpeza que esixe o contrato.
- 2º.- Se nos remita a certificación de silencio administrativo, tal e como contempla a lei 30/92 de procedemento administrativo.

Atentamente.

José Manuel García Casares
Presidente

EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE OURENSE
Concellería de Limpeza




Estado actual das distintas rúas do pobo das Curuxeiras

Rua da Pineireira



Rua das Curuxeiras



Limpada por nos abril 2014



Estado Actual 11.06.2014



EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE OURENSE
Concellería de Limpeza